

## **ACTA 1/2023: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA**

XUNTANZA DE SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO ACORDO.

Na Dirección Xeral da Función Pública do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, reúnense ás 13:18 horas, do día 17 de novembro de 2023, as persoas que de seguido se relacionan: José María Barreiro Díaz, Juan Jose Rodríguez Blanco, Delia Irene Martínez Conde, Lino Díaz Goás, Javier Lareu Rodiño, Víctor Gallego Vincent e Rubén Plaza Martínez.

O director xeral da Función Pública expón que, logo de convocarse os procesos da promoción específica do persoal laboral fixo consonte a disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e a petición das partes desta comisión de seguimento, resulta necesario analizar o réxime económico que será de aplicación ao persoal que supere eses procesos, logo dun debate, acórdase por unanimidade a seguinte interpretación:

### **Interpretación sobre o réxime económico aplicable ao persoal que supere os procesos de promoción específica do persoal laboral fixo consonte a disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia**

A sección segunda do acordo de concertación do emprego público de Galicia de 2019 recolle a funcionarización do persoal laboral, establecendo respecto ás retribucións do persoal unha garantía de retribucións, dando lugar a un efecto mochila nas retribucións por antigüidade.

Cómpre sinalar que dentro da funcionarización do persoal laboral fixo débense distinguir dous supostos: o primeiro relativo a aquel persoal que obtivo a condición de persoal laboral fixo mediante un proceso selectivo convocado con anterioridade á entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e o segundo suposto relativo a aquel persoal que adquiriu a condición de persoal laboral fixo mediante un proceso selectivo convocado con posterioridade á entrada en vigor da devandita lei.

En relación á funcionarización do persoal laboral fixo incluído no primeiro suposto a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, establecendo o réxime económico do persoal laboral fixo anterior ao Estatuto Básico do Empregado Público, por ser o persoal incluído no ámbito de aplicación da disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29



de abril, do emprego público de Galicia.

O réxime económico establecido no dito Decreto garante que as retribucións deste persoal que muda o seu vínculo xurídico non sexan inferiores ás que viña percibindo. Consolida o réxime económico acordado no devandito acordo de concertación.

Unha vez producida a modificación normativa que posibilita a funcionarización do persoal laboral fixo incluído no segundo suposto a través da aprobación da disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a comisión de seguimento do acordo de concertación do emprego público de Galicia, sendo conscientes que todo aquel persoal que mude o seu vínculo xurídico, con independencia dos dous supostos no que se atope incluído, propón que todos eles teñan o mesmo réxime económico no momento no que se produza a muda do seu vínculo xurídico de persoal laboral fixo a persoal funcionario de carreira.

A tal efecto, a comisión de seguimento do dito acordo de concertación elabora a seguinte interpretación respecto á funcionarización do persoal laboral fixo mediante proceso selectivo convocado con posterioridade á entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público:

*Coa finalidade homoxeneizar as condicións económicas do persoal laboral fixo anterior e posterior ao Estatuto Básico do Empregado Público, o réxime económico do persoal laboral fixo que mude o seu vínculo xurídico coa Administración Pública mediante a superación da modalidade específica de promoción prevista na disposición adicional décimo sétima da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, será o fixado no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.*

Remata a sesión ás 13:40 horas do día anteriormente indicado.

Presidente da Comisión de Seguimento    O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública    Subdirector xeral de RRXX e RRL

Asdo.: José María Barreiro Díaz

Víctor Gallego Víncent

